



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os vindeiros 9 e 10 de maio a Axencia Galega de Innovación (GAIN) celebrará un **multi-foro centrado nas tecnoloxías da Industria 4.0** co obxectivo de informar e facilitar a adaptación do tecido industrial galego ás tecnoloxías do futuro. Este multi-foro contará con zona expositiva, tanto en Santiago como en Ferrol, onde os asistentes poderán coñecer prototipos e innovacións presentados por diversas empresas. Esta actuación inscríbese no mardo do reto 2 da **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)**, que persegue conseguir un novo modelo industrial para Galicia sustentado na competitividade e o coñecemento. Se queres máis información sobre este multi-foro, pincha na seguinte **ligazón**.

Conxuntamente con estas actuacións, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de GAIN, está a preparar un **programa de axudas** que ten como obxectivo a **atracción de investimento privado** a través da xeración de **alianzas estratéxicas** con empresas que co-invistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D.

No deseño deste programa tivéronse en conta as manifestacións de interese expresadas no marco dunha **consulta específica** posta en marcha por GAIN para coñecer as características dos potenciais proxectos dos operadores económicos interesados. Como resultado deste proceso, que segue **aberto até 2020**, concluíuse, por exemplo, que o programa estará orientado a **grandes proxectos estratéxicos de I+D** desenvolto por empresas tractoras capaces de liderar proxectos de innovación disruptiva con efecto arrastre sobre o tecido industrial galego, valorándose a colaboración con

organismos de investigación no seu desenvolvemento.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).